

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 24 de xullo de dous mil vinte catro.

Na sala de reunións da Casa Consistorial de Mos, ás 13:00 horas, reúnese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de unha miniescavadora para o Departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e asegurando a súa intervención por medios electrónicos, Dna M^a Jesús Piñeiro Bello, Interventora municipal, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación na sesión anterior celebrada nesta mesma data procedeu a abrir o arquivo II “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” do candidato que obtivo mellor puntuación TALLERES TURQUINO S.L., remitindo a documentación a comprobación dos Servizos Técnicos para determinar, á vista da ficha técnica da máquina, se esta reúne as características mínimas esixidas segundo o PPT.

En data de hoxe os Servizos Técnicos emiten o seguinte informe:

“INFORME

ASUNTO.- OFERTAS SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS.

EXPEDIENTE XESTIONA.- 81/2024.

Examinado o expediente de referencia, o PREGO de PRESCRIPCIONS TECNICAS para o SUBMINISTRO de MINIESCAVADORA para o departamento de VIAS e OBRAS do Concello de Mos e a ficha técnica achegada pola empresa TALLERES TURQUINO da miniescavadora E34, na que se fai constar:

Nos gustaría destacar que además de ofrecer el enganche rápido tipo Klac D ofertamos los siguientes cazos:

- Cazo de excavación Klac 30,00 cm
- Cazo de excavación Klac 60,00 cm
- Cazo de limpieza angulable KDB3 120,00 cm

Non facendo constar que se oferta un Martelo hidráulico con punteiro.

Deberase facer constar que na oferta se inclúe o martelo hidráulico HM026T da Marca JCB, que si se reflicte coa documentación gráfica da miniescavadora que se achega coa oferta.”





SEGUNDO.- En consecuencia, a Mesa, á vista das cuestións suscitadas por este informe, acorda solicitar de TALLERES TURQUINO S.L. aclaración respecto do martelo hidráulico ofertado, de acordo co informe técnico.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 13,30 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

